

DEVALANDO ENTRE DÚAS AUGAS

Malia as grandes diferencias entres eles -polo que atinxe ó seu discurso poético e á forma de expresalo, por ser un poeta de xa longo oficio e por dar agora a coñecer, o outro, o seu primeiro libro-, atopamos nos versos de Xosé Vázquez Pintor, *Rotación violeta*¹, e Antom Fortes Torres, *Figuras masculinas de meio-corpo*², unha liña que os une dentro da súa diversidade: a reflexión e vivencia do erotismo.

Rotación violeta estrutúrase en dúas partes ben distintas: "Horas" -que constituíu o centro dunha magnífica análise de Emilio Xosé Ínsua publicada hai uns meses en *A Nosa Terra*- e "Segundos". Mentres o paso do tempo, a dor existencial propia da fugacidade humana, se estende como a vivencia predominante nas "horas", os "segundos" abranguen unha temática erótica de comunión íntima entre dous corpos, masculino e feminino, que van tomando a voz de xeito indistinto para facer partícipe ó lector da súa unión apaixonada, do desexo cervical:

Quero choutar, choutar
e ir en cervo a ti mancando as bestas que destrozan
a loucura de nos dar mellor consentimento,
ese alegre testigo da amencida
cando baixas as sedas
e toda estás en corpo que renuncia
de vez a ser olvido.

Mais, lonxe da requintada e pudorosa expresión doutros coetáneos seus, non hai nos versos de Vázquez Pintor lugar para o eufemismo, para veladuras ilóxicas nuns amantes que se entregan na súa totalidade. É impensable, pois, ocultar a expresión directa dos sentimentos e anxeios do eu poético que, submerso na rotación violeta do desexo, explora o corpo, tanto propio como alleo, utilizando un vocabulario do sexo altamente explícito:

E non quedan simbolismos para esta torre alta
cando soño a cona esmirilando no granito
que che dou tan pequeniño e grave, tan revivo
como un rato do xardín que busca as bolboretas loucas.

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1996

² Espiral Maior, Colec. Illa Verde, A Coruña 1997

Chega aquí e crávate neste punta dos náufragos

A loita contra os prexuízos e as prohibicións -"CANTAS cousas serán precisas máis alá do proibido/ para que todo recomece a andadura natural/ e sexamos cómplices da vida que nos deu a entrega/ dos corpos libremente acelerados"- enlaza os versos de Vázquez Pintor coa tradición medieval expresa nas cantigas de amigo. A un tempo, a vivencia do erotismo é bisémica: por unha banda, o eu poético sente a praxe sexual como un instante de victoria sobre as dolorosas ligazóns temporais: "MOITAS veces quero definir cunha palabra/ ese cumio de gloria miserable/ no que o tempo se vai e nos abate o cansacio/ por outra desmedida"; pola outra, acádase unha relación telúrica de comunión íntima coa raíz, coas orixes do ser humano e da vida, pois a muller é

*CISNE negro, altos os ollos e a estatura estable
sobre o estanque de auga verde... Ías lene, soia,
medio metro entre os extremos do teu torso
docemente despedías aos plátanos e aos camelios,
ás pombas miserentas que só viven para a man doméstica.
Eras o espectáculo. A referencia do sol estaba en ti*

As *Figuras masculinas de medio-corpo* de Antom Fortes devalan en ámbitos decadentes, lúgubres, fraccionarios no seu debuxo. A casa "pardieira" onde vive A., un dos actantes nas relacións eróticas que se establecen no poemario, é un lugar irreal, fantasmagórico na presenza deses anónimos efebos que aparecen polas noites, pois esta "É a casa de sombras que A. habita com os seus medos". Inmerso nesta atmósfera corrupta, A. inicia unha viaxe de volta ó pasado, ós brazos de Lánis mais o encontro dos amantes, lonxe de ser gozoso, exprésase cunha violencia inusitada:

*OLHÁROM-SE quiçá com força,
quiçá com repulsa,
adivinharam o espírito escuro latente no fundo de ambos.

Verterom-se um noutro
e foi umha luita
sem trégua.*

A noite confórmase como o reino de Lánis quen se nos vai amosando cada vez máis como un ser irreal, distante, efémero, que atormenta a A., tanto na súa ausencia como na súa presenza. Lánis é símbolo do desexo sen contención, da ardencia, do

amor imposible, da tensión dolorosa que conleva o feito de non ter entidade real para alén dos recordos:

*ROTO de ardências, estouram em mil pingas de orvalho
os olhos da tua pele,
e sinto-te, Lánis, ígneo como a frágua
onde se forjam amores imposíveis.*

Sinto-te a dentadas de amor e de recusa.

Alternando coa presenza de Lánis, comezan a desfilar por ese salón decadente novas figuras. Son os efebos mitolóxicos e literarios que atormentan ó eu poético: Ivan Tsarevich, Ganímedes, Pélope, Hermes, Tadzio. Todos eles figuras incompletas, seccionadas pola memoria, adornadas polo desexo incontible que se frustra na non realización, perseguidas con saña por A. nas rúas de Compostela mentres as invoca coa forza imparable do delirio:

*Fica firme, nom fujas, Tádzio amado!
Vou ao encontro da tua pele,
da tua boca de moços anelos e sorrisos.
Quero morrer na chama do teu corpo
e ser pescoço devanado, coxas rotas,
ajoelhado neno no fundo do teu íris
que escapa, Pégaso meu, com o vento.
(...)
Porem sei que na noite amas o meu corpo em sonhos,
que o desejo, alfinete de meles, aguilhoa-te ao encontro.*

Devalamos, pois, entre dúas augas ben diferentes que se unen na xinea da escrita: o erotismo telúrico e intimista de Vázquez Pintor -explícito e gozoso na vivencia plena do desexo- e a paixón frustrada ligada a un culturalismo decadente nos versos de Antom Fortes.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 782, 12-6-1997, pp. 23-24.